

O cartaz das festas da Coruña de 1907 no Museo das Mariñas

XESÚS TORRES REGUEIRO*

Sumario

Noticia sobre o cartaz das festas da Coruña de 1907 conservado no Museo das Mariñas e o seu autor, o pintor e profesor da escola de Artes e Oficios da Coruña, José Gómez Naya, pouco coñecido a causa da súa prematura morte aos 38 anos. Peza importante na historia da cartelaría galega por tratarse dun raro exemplar de grandes dimensións.

Abstract

News about the poster of parties of A Coruña 1907 which is preserved in the Museo das Mariñas and of his author, painter and professor of the School of Arts and Crafts of A Coruña, José Gómez Naya, not much known because of his premature death at age 38. Important piece in the history of Galician posters because it is a rare copy and also for its dimensions.

No «Museo das Mariñas» de Betanzos amósase dende hai uns anos un cartaz de grandes dimensións que chama a atención do visitante cando sube os chanzos da monumental escaleira e dobra á esquerda no andar. Logo da galería de alcaldes e persoeiros betanceiros, da bandeira da II República procedente do exilio que alí se custodia, da espectacular bandeira da Irmandade da Fala de Betanzos, do busto de Castela procedente de Buenos Aires, obra de Domingo Maza,... atopámonos cunha sección dedicada ao polifacético betanceiro Francisco Javier Martínez Santiso (Betanzos, 1868-1934), quen foi fotógrafo pioneiro, pintor, debuxante, mestre, «inteligente» municipal.... Alí, á beira de pequenos cadros e obxectos diversos deste relacionados coa súa faceta artística, campa o gran cartaz anunciador das «Fiestas en La Coruña 1907».

O cartaz foi impreso en Valencia pola «Imp. Lit. J. Ortega», tal como consta no pé de impresión, en dúas partes debido ás súas dimensións. Esta empresa litográfica, fundada en 1871 (rematou a súa actividade en 1994), foi unha das máis importantes de España e destacou especialmente na confección de cartaces de festas e taurinos. Procede esta peza da colección do citado Francisco Javier Martínez Santiso (doadada polo seu xenro Luis Veiga) mais non é obra deste artista local, senón de J. Gómez Naya, que é o asinante do cartaz.

Probablemente non se conserve en Galicia ningún cartaz de comezos do século XX destas dimensións. E estamos por asegurar que nin siquera nos fondos arquivísticos da mesma Coruña se conserve este cartaz das súas festas de 1907, hai cento sete anos, obra ademais dun artista coruñés, esquecido e case descoñecido.

* Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia, moitos deles publicados neste mesmo Anuario Brigantino dende 1983.

Así, este cartaz non é nin reproducido nin citado no traballo sobre *O cartelismo en Galicia. Desde as súas orixes ata 1936*, da profesora María Luisa Sobrino Manzanares¹, o único que coñecemos sobre este tema, que si reproduce algunhas portadas de programas de festas de anos anteriores (o de 1904 e o de 1905, ambos de Pedrero²) e posteriores (o de 1909, obra de Saborit³; o de 1913, obra de Pedrero, e o de 1914, de Román Navarro⁴) a este que tratamos.

Di a citada Sobrino Manzanares: «Non será ata 1909 cando se atopen carteis festivos realizados por autores galegos». Afirmación que á vista deste das festas coruñesas de 1907 cómpre rectificar retrasándoa alomenos un par de anos. Sabemos ademais que xa en 1906 fora confeccionado en Valencia o cartaz das festas coruñesas, da autoría de Mariano Miguel, quen fora o gañador no concurso de bocetos. Tamén houbo cartaz en 1908, pintado por Saborit e Máximo Ramos, segundo informaba *La Voz de Galicia* (15 de maio de 1908) e imprimiuse na mesma valenciana imprenta de Ortega. As festas destes anos da primeira década do século XX eran organizadas pola «Liga de Amigos».

O AUTOR: JOSÉ GÓMEZ NAYA

Pouco se sabe deste artista coruñés. Non o vemos citado en ningún tratado de arte galego dos que consultamos nin en enciclopedias de temática galega: *Gran Enciclopedia Gallega*, *Enciclopedia Universal «Ir Indo»*. A través dalgunhas noticias da prensa da época conseguimos saber algo sobre el.

Gómez Naya formárase con Román Navarro na Escola de Artes coruñesa, da que andando o tempo chegaría a ser profesor de Ornamentación.

De vez en cando, as súas actividades pictóricas transcendían á sociedade coruñesa, expoñendo algúns cadros en escaparates de comercios da cidade. Así, por exemplo, en 1904 *El Noroeste* falaba de «Un cuadro notable» do artista coruñés exposto na papelería de Ferrer, que representaba «una hermosa nota de la realidad» na que amosaba «que sabe ver y sentir el paisaje gallego con todo lo que tiene de poético y melancólico».⁵ O mesmo xornal en 1905 falaba doutro «hermoso lienzo» do «genial artista» que representaba a Don Quijote preparándose para a súa primeira saída. Segundo noticiaba o xornal coruñés:

Fué pintado este cuadro para reproducir en la revista que la Liga de Amigos dará a luz mañana, pero apremios de tiempo impidieron que pudiese hacerse en colores y el Sr. Gómez Naya prefirió retirarlo á dejarlo publicar en negro.⁶

1. Edición do Castro, Sada, 1993.

2. Pode tratarse de Mariano Pedrero López (Burgos, 1865-Madrid, 1927), pintor e debuxante que viviu en Cantabria.

3. Enrique Saborit Aroza (Valencia, 1869-1928), pintor costumista e paisaxista. En 1916 nomeárono académico da Real Academia de Belas Artes da Coruña, cidade onde viviu un tempo a comezos de século. Nas festas coruñesas organizadas pola Liga de Amigos encargábase tamén de decorar coches e carrozas para a «batalla de flores».

4. Román Navarro García Vinuesa (A Coruña, 1854-1928), militar, profesor da Escola de Artes e Oficios (o neno Picasso foi seu alumno un tempo), foi un pintor destacado.

5. *El Noroeste*, 24 de novembro de 1904, pág. 2.

6. *El Noroeste*, «Un cuadro de Gómez Naya», nº 3708, 6 de maio de 1905. A revista aludida é *El Centenario del «Quijote» en Galicia*. Folleto publicado a expensas de la Liga de Amigos de La Coruña. Na parte gráfica colaboran Urbano González, I. Brocos, Karikato, G. de Castro, F. Llorens, F. Cortés, R. Navarro e Seijo Rubio.

Tamén noutras actividades decorativas destacaba o xenio de Gómez Naya. Así, colaboraba na confección e decoración de artísticas carrozas que desfilaban polas festas de agosto, xunto con Román Navarro e outros artistas coruñeses ou residentes na cidade. En 1904 *El Noroeste* anunciaba que el e o seu antigo mestre Román Navarro confeccionarían as dúas carrozas da comitiva anunciadora das festas e o mesmo xornal publicaba días despois a reprodución da da Sala Calvet, da súa autoría.

En 1902, na sesión do 24 de xaneiro, fora proposto e nomeado académico de número da Real Academia de Bellas Artes da Coruña, xuntamente con outros dous profesores e artistas:

En el concepto de dibujo y pintura a los Señores Don Urbano González Varela, distinguido pintor y Profesor de la Escuela de Artes é Industrias, Don José Gómez Naya, pintor también y Profesor de Ornamentación en dicha Escuela, y Don Gonzalo Brañas Fernández, Profesor de dibujo del Instituto y pintor.⁷

En maio de 1906 convocábanse oposicións á praza de profesor numerario de debuxo xeométrico da Escola elemental de Industrias y Bellas Artes da Coruña e José Gómez Naya presentábase xunto con outros dezaseis aspirantes. Deles coñecemos unicamente a José Seijo Rubio, tamén coruñés.⁸

Nese mes de maio a Liga de Amigos acordaba nomear interinamente ao noso artista «para realizar todos los trabajos artísticos y ornamentales que la Liga precisa para la mayor

Un cuadro de Gómez Naya

Un hermoso lienzo, obra del genial artista D. José Gómez Naya, se exhibe desde ayer en uno de los escaparates de la calle Real y está siendo objeto de las mayores alabanzas.

Representa á D. Quijote en una habitación de su casa en que se ve un estante repleto de apergaminados libros de caballería, limpiando las armas para hacer su primera salida.

El asunto es muy original, está muy bien entendido de luz y de color y la figura del hidalgo manchego, es una verdadera filigrana en la que el Sr. Gómez Naya puso toda su inspiración y cuanto tiene de artista, que no es poco.

Fué pintado este cuadro para reproducir en la revista que la *Liga de Amigos* dará á luz mañana, pero apremios de tiempo impidieron que pudiese hacerse en colores y el Sr. Gómez Naya prefirió retirarlo á dejarlo publicar en negro.

Es una verdadera lástima que el notable número de la *Liga* no cuente con esta obra de arte que contribuiría, sin duda alguna, á hacerlo más ameno.

A las muchas felicitaciones que el Sr. Gómez Naya recibe, una la nuestra muy expresiva.

El Noroeste, 6 de maio de 1905.

UN CUADRO NOTABLE

En el escaparate de la papelería de Ferrer se exhibe un notable cuadro del artista coruñés D. José Gómez Naya.

Es una hermosa nota de la realidad fielmente retratada por el pintor que además de un gran conocimiento del arte de Apeles demuestra que sabe ver y sentir el paisaje gallego con todo lo que tiene de poético y melancólico.

Tributamos un sincero aplauso al distinguido artista, deseando que prodigue las ocasiones de aplaudirlo.

El Noroeste, 24 de novembro de 1904.

7. Pita Fernández, Francisco A.: «Más sobre Urbano González Varela (I)», *Areal*, Revista cultural de Sada, nº 7, outubro de 2013. Editada por A.C. Irmáns Suárez Picallo. Reproduce copia da acta académica.

8. *Boletín Oficial de la provincia de Cáceres*, nº 113, 11 de maio de 1906.

brillantez de algunos números de las próximas fiestas, concediéndole por su trabajo la cantidad de 750 pesetas en concepto de gratificación.»⁹

Nese mesmo ano *Coruña Moderna* dedicáballe a sección «Nuestros artistas» cunha fotografía do artista no seu estudo e unha reseña que di o seguinte¹⁰:

Es un excelente retratista con el pincel y con el lápiz y sabe harmonizar el parecido exacto con la soltura que hace vívida la traza del personaje.

Hace muchos años que Gómez, siendo un niño, comenzó a dar jugo de artista. Desde el estudio de Román Navarro y desde la Escuela de Bellas Artes, que fueron sus primeros centros de educación en el Arte, fué a las redacciones de El Duende y Don Pepito, en donde hizo muchos retratos y caricaturas durante largo tiempo.


También colaboró con sus dibujos en otras publicaciones.

Desde el 22 de Noviembre de 1890 ejerce un puesto de profesor en la Escuela de Artes e Industrias.

Es autor de un tratado de Perspectiva y Sombras, próximo a editarse y ha inventado un aparato geométrico titulado El Proyector.

Actualmente es académico de número de la provincial de Bellas Artes.

En plena xuventude, e ao ano seguinte de realizar o cartaz das festas coruñesas, vai morrer José Gómez Naya, o 8 de decembro de 1908. Daba a noticia *La Voz de Galicia* o día 9, indicando que o xove artista era «Catedrático de la Escuela de Artes e Industrias de esta ciudad», de estado solteiro. Unha esquela aparece o mesmo día na páxina 3 do xornal citado.



Tamén outro xornal coruñés, *El Noroeste*, dedicalle na portada do día 10 un texto necrolóxico no que se dá conta do enterro realizado o día anterior, ademais de facer unha eloxiosa semblanza de

este malgrado artista, dibujante notable, pintor meritísimo, profesor concienzudo y competente, amigo cariñoso y sincero de cuantos con su agradable trato nos honrábamos y

9. *El Noroeste*, nº 4027, 22 de maio de 1906.

10. *Coruña Moderna*, nº 82, 23 de setembro de 1906, pág 5. Na hemeroteca da Real Academia Galega existen números dos citados *El Duende*, «semanario satírico; defensor de las clases productoras», entre os anos 1886 e 1896, e apenas dous números de *Don Pepito*, «semanario satírico y político» o 1, de 1888, e o 36, de 1889. Moitos dos debuxos humorísticos aparecen sen asinar e unicamente vimos, na nosa incompleta consulta, un retrato asinado por J. Gómez no nº 693 (13-1-1895) de *El Duende*.

NUESTROS ARTISTAS



EL PINTOR CORUÑÉS DON JOSÉ GÓMEZ NAYA,
EN SU ESTUDIO

Es un excelente retratista con el pincel y con el lápiz y sabe harmonizar el parecido exacto con la soltura que hace viva la traza del personaje.

Hace muchos años que Gómez, siendo un niño, comenzó á dar jugo de artista. Desde el estudio de Roman Navarro y desde la Escuela de Bellas Artes, que fueron sus primeros centros de educación en el Arte, fué á las redacciones de *El Duende* y *Don Pepito*, en donde hizo muchos retratos y caricaturas durante largo tiempo.

También colaboró con sus dibujos en otras publicaciones.

Desde el 22 de Noviembre de 1890 ejerce un puesto de profesor en la Escuela de Artes é Industrias.

Es autor de un tratado de Perspectiva y Sombras, próximo á editarse y ha inventado un aparato geométrico titulado *El Proyector*.

Actualmente es académico de número de la provincial de Bellas Artes.

hombre estudioso que vivió por entero consagrado á los pinceles y á los libros hasta que una cruel enfermidade lo postró en cama agotando sus enerxías físicas.¹¹

Ademáis *El Noroeste*, na relación de defuncións do día, recolle: «José Gómez Naya, 39 anos; (mielitis transversa lumbar)». Dous datos interesantes aporta a breve nota: a idade (tería nado en 1869) e a doenza que ocasionou a súa morte.¹²

A LIGA DE AMIGOS E AS FESTAS DA CORUÑA

A principios do século XX as festas da Coruña foron organizadas durante varios anos pola entidade denominada «Liga de Amigos». Esta entidade conformábase de persoas destacadas da sociedade e do comercio coruñeses.

Narciso Túniz de Prado e Leonardo Rodríguez Díaz foron os seus presidentes nos anos 1905 e 1906, mentres que para o ano 1907 foi elixido Luis Argudín Bolívar e como vicepresidente José M^a Ozores de Prado. A elección da directiva que encabezaban estes últimos tivo lugar nunha xunta xeral celebrada o domingo 4 de novembro de 1906 cunha concurrencia, segundo *El Noroeste*, de «doscientos y pico de socios».¹³

Luis Argudín Bolívar era un persoeiro importante na Coruña. Fora alcalde da cidade en tres mandatos (1895-1897, 1900-1901 e 1902-1903), presidira o Sporting Club, e viña de desempeñar a presidencia da Reunión Recreativa e Instructiva de Artesanos (1905-1906). Morrería nese mesmo ano de 1907.¹⁴

A pretensión da entidade era conseguir a afluencia de forasteiros á cidade herculina durante o máximo de días do mes de agosto. As festas ían dirixidas a unha clase social que se podía permitir veranear e desprazarse á Coruña dende diversos puntos, e tamén a persoas residentes nas inmediacións da capital coruñesa e no entorno que podían abranguer as comunicacións da época.

Segundo *El Noroeste*, a Liga de Amigos era unha «popular sociedade que en los pocos años que lleva de existencia tanto ha hecho por atraer a esta población un crecido contingente de forasteros durante el mes de Agosto.»¹⁵

Para sufragar os gastos das festas a Liga de Amigos contaba con axudas diversas. Así, o Concello subvencionaba á Liga con 10.000 pesetas¹⁶. Tamén a Deputación lle concedía axudas. E algún trofeo dos que se disputaban en competicións deportivas era doado nada menos que pola Casa Real. Diversas entidades coruñesas sociais e recreativas colaboraban tamén nos festexos: o Nuevo Club, o Circo de Artesanos, Club Náutico, o Sporting Club... Ademáis de representantes dos xornais e da prensa local que constituían un comité de propaganda.

Sabemos que en 1906 e 1907 a Liga de Amigos organizou un concurso de cartaces para elixir o que anunciaría as festas. En 1906 presentáronse cinco bocetos, resultando gañador o de Mariano Miguel, a quen se lle adjudicou o premio consistente en 250 pesetas. O semanario *Coruña Moderna* daba a noticia e reproducía o boceto o día 22 de abril. Xusto

11 *El Noroeste*, nº 4821, 10 de decembro de 1908.

12 *El Noroeste*, nº 4821, 10 de decembro de 1908.

13 *El Noroeste*, nº 4792, 6 de novembro de 1906.

14 Reiriz Rey, Jesús María: *Toda Coruña. Temas y cronologías*. Briga Edicións, Betanzos, 2004.

15 *El Noroeste*, nº 4379, 11 de xullo de 1907.

16 *La Voz de Galicia*, 18 de xullo de 1907.

ao pé da noticia insertaba unha nota de «nuestro amigo» D. José Gómez Naya que dicía o seguinte¹⁷:

Sr. Director de
CORUÑA MODERNA:

Habiendo circulado estos días con insistencia ciertos rumores maliciosos sobre la paternidad de uno de los bocetos de cartel presentados à la *Liga de Amigos* de la Coruña me apresuro á destruir el error y manifestar que jamás quise engalanarme con plumas ajenas y conste que no me desdoraría firmando dicho boceto, antes al contrario me honrará muchísimo.

Respecto al haber tomado parte en el jurado diré que tanto el señor Navarro como yo no hemos pertenecido á él y si únicamente los inteligentes Sres. D. Leonardo Rodríguez, Pedregal, Moscoso, Adáñez, García Rivera, Tella, Barreiro (D. Alejandro) y Rodríguez.

Sin más le anticipa gracias y se despide de usted

Afmo. S. S. Q. B. S. M.

J. Gómez Naya

A verdade é que a reprodución do boceto apenas deixa vislumbrar o que sería o cartaz definitivo.

No mes de maio anúnciase que a Liga de Amigos acordara encomendar á casa Ortega, de Valencia, a confección dos artísticos carteis anunciadores das festas de agosto, «conforme al boceto premiado».¹⁸

AS FESTAS DE 1907


As festas dese ano, organizadas pola «Liga de Amigos» ao igual que as doutros anos, dividíronse en dúas etapas con descanso dunha semana no medio. Nunha primeira etapa, que comezou o 3 de agosto, houbo os seguintes actos e espectáculos: cabalgata alegórica, concertos, touros,

17 *Coruña Moderna*, nº 60, 22 de abril de 1906.

18 *El Noroeste*, nº 4027, 22 de maio de 1906.

4 CORUÑA

Concurso de Carteles



El lunes 16 del actual celebró la *Liga* el anunciado concurso de carteles anunciadores de las fiestas de Agosto. Se presentaron cinco bocetos. Entre éstos fué apreciado como el mejor, el que llevaba por lema *Justicia* y de cuyo trabajo resultó ser autor el inspirado y distinguido artista D. Mariano Miguel, á quien se adjudicó el premio ofrecido consistente en 250 pesetas.

El grabado que publicamos reproduciendo el boceto del Sr. Miguel, da una excelente idea, de la gala de su buen gusto en este género de obras.

Nuestro amigo D. José Gómez Naya, nos ruega la inserción de las siguientes líneas:

«Sr. Director de CORUÑA MODERNA:

Habiendo circulado estos días con insistencia ciertos rumores maliciosos sobre la paternidad de uno de los bocetos de cartel presentados à la *Liga de Amigos* de la Coruña me apresuro á destruir el error y manifestar que jamás quise engalanarme con plumas ajenas y conste que no me desdoraría firmando dicho boceto, antes al contrario me honraría muchísimo.

Respecto al haber tomado parte en el jurado diré que tanto el señor Navarro como yo no hemos pertenecido á él y si únicamente los inteligentes Sres. D. Leonardo Rodríguez, Pedregal, Moscoso, Adáñez, García, Rivera, Tella, Barreiro (D. Alejandro) y Rodríguez.

Sin más le anticipa gracias y se despide de usted

afmo. S. S. Q. B. S. M.
J. Gómez Naya.»

batalla de flores, concurso hípico, certame de cantos e bailes rexionais, función do voto, iluminacións, sesións de fogos de artificio. Nunha segunda etapa houbo regatas, concurso de «foot-ball», festival infantil e certame internacional de orfeóns.

Tamén en Betanzos neste ano 1907 as festas foron organizadas, ao igual que o ano anterior, por unha entidade denominada asimesmo «Liga de Amigos». Para evitar a coincidencia coas da Coruña, decidiron trasladar as seculares festas de San Roque de mediados de agosto para mediados do mes de xullo. Pese a que moitos coruñeses acodían a Betanzos, a cousa non tivo éxito e non foi do agrado de boa parte da sociedade betanceira. De feito, en 1906 o Concello viuse obrigado a organizar outras festas do 15 ao 18 de agosto, e xa en 1909 as festas voltaron a ser en agosto.¹⁸

Non sabemos que daquela se fixeran cartaces de festas en Betanzos, máis si programas de man, algúns impresos con portada en policromía a comezos do século XX, mentres que os anteriores de finais do XIX tiñan portada tipográfica. E sabemos que Francisco Javier Martínez Santiso realizou a portada dos de 1903 e 1909. E tamén nos de 1906 e 1907, xusto os das festas organizadas pola betanceira «Liga de Amigos», parece apreciarse a súa man, aínda que non estean asinados. Non é de extrañar, pois, que un artista interesado como autor nestes temas de ilustracións festivas gardase un cartaz doutro artista, quizáis amigo.

Parece ser que xa en 1893, segundo unha nota de prensa, se facían cartaces das festas en Betanzos, aínda que a nota non aclara se se trata de cartaces unicamente tipográficos ou reproducindo algún deseño gráfico: «En estos días se fijarán en las esquinas de Lugo grandes cartelones anunciando los festejos que han de celebrarse en Betanzos los días 14, 15 y 16 del corriente.»¹⁹. E en 1895, segundo unha referencia de prensa, ademais de programa impreso no obradoiro de Villuendas tamén se confeccionou un cartaz a varias cores (supoñemos que non sería de gran tamaño), feito na tipografía de Ricardo Pita, betanceiro instalado en Ferrol como impresor²⁰:

Los carteles, en varios colores, han sido hechos en la tipografía de Pita, del Ferrol.

Los programas, con una cubierta a dos tintas, han sido tirados en la imprenta de Villuendas de esta ciudad, siendo el primer trabajo que de algún empeño hemos visto aquí.

Con respecto ao cartaz que nos ocupa, o das festas coruñesas de 1907, *La Voz de Galicia* facíase eco do seu encargo á imprenta valenciana Ortega:

LIGA DE AMIGOS

Se han encargado à la casa Ortega, de Valencia, los carteles anunciadores de los festejos de Agosto. Se harán con sujección absoluta al artístico boceto que ha pintado el Sr. Gómez Naya. Conocida es la perfección con que la citada casa valenciana realiza estos trabajos, conservando en absoluto el dibujo y las diversas tintas.²¹

O 11 de xullo de 1907 *El Noroeste* referíase aos cartaces, que xa estaban listos:

18 X. Torres Regueiro: «Cen anos de programas de festas en Betanzos. A evolución dunha curiosa publicación», en *Anuario Brigantino* 1993, nº 16, páx. 95-112.

19. *La Época*, Madrid, 9 de agosto de 1893.

20. *El Diario de Galicia*, sección «Ecos de las Mariñas» por El Bachiller Hungarelo, 13 de agosto de 1895. AMB.

21 *La Voz de Galicia*, 22 de maio de 1907.

Los carteles anunciadores de las fiestas saldrán hoy ó mañana de Valencia. Son una reproducción exacta del artístico boceto original del conocido pintor don José Gómez Naya.

La casa Ortega, á la que se le ha encomendado la estampación en diez ó doce colores, puso en la obra todo su empeño para que la reproducción nada deje que desear.

22

E o día 18 de xullo *La Voz de Galicia* anunciaba que

Los grandes carteles anunciadores de las fiestas, fueron remitidos ayer á todos los Ayuntamientos de Galicia.

También se envían a los Centros gallegos de la Habana, Buenos Aires, Montevideo y Río de Janeiro como cariñoso recuerdo de la tierra.²³

O cartaz de Gómez Naya foi reproducido na revista *Coruña Moderna* ilustrando o solto dedicado a «Las fiestas de agosto»²⁴. Creemos que esta reproducción era a única referencia gráfica que existía do cartaz ata a chegada ao Museo das Mariñas dun exemplar do mesmo, pois aínda que sabemos por referencias que se publicou tamén na revista *Galicia* que se publicaba en Madrid por eses anos, resulta que ese número non existe na única colección que coñecemos da citada revista (Galiciana digital).



22. *El Noroeste*, «Las próximas fiestas», n° 4379, 11 de xullo de 1907.

23. *La Voz de Galicia*, 18 de xullo de 1907.

24. *Coruña Moderna*, n° 124, 4 de agosto de 1907.

O cartaz, que se atopa enmarcado e acristalado dende que se expón no Museo, ten unhas dimensións de 240 x 102 cm. A mancha ocupa 221 x 90 cm. Obsérvase que ten un corte ao medio, polo que o imprimirían en dúas partes e logo pegaríano. O motivo do cartaz vai enmarcado totalmente por unha orla adornada con máscaras teatrais (tres a cada lado, distintas), flores e instrumentos musicais.

Na metade superior leva unha especie de bandeirín ou gallardete que serve de fondo ás letras sobre un pano con decoración clasicista. As letras son de tipo modernista. Destacan as de FIESTAS EN LA CORUÑA, co F capitular recadrado. En tamaño máis pequeno: ORGANIZADAS POR LA. E máis grandes que estas: LIGA de AMIGOS. Por último, en máis pequeno MES DE AGOSTO DE 1907. Na parte esquerda, debaixo do F capitular un escudo da Coruña rodeado de loureiro e con coroa mural. Debaxo deste símbolos que remiten ás artes, un busto escultórico feminino e paleta e pinceis, alusivos á escultura e á pintura.

A metade inferior, que é a parte máis pictórica do cartaz, ten como motivos principais en primeiro plano unha muller sentada de fronte nunha balconada á beiramar, suxeitando un cinturón de flores á altura do colo, vestida de túnica branca ao xeito clásico e sandalias, tocada con coroa mural. Trátase, sen dúbida, dunha alegoría da cidade herculina, da que se observa ao fondo unha vista en día soleado. Diante da muller, vemos de perfil un gaiteiro mociño tocando a gaita, o motivo autóctono e enxebre, sentado sobre un colorido pano que sae do marco e monta na orla, creando un curioso efecto. Ao seu carón no chan unha pandeireta e pratiños e á dereita, tamén no chan unha copa (en alusión ao deporte), un bombo (reforzando a alusión á música tradicional) e unhas bandeiriñas (alusivas ás touradas). Baixo estas vai a sinatura do artista: J. Gómez Naya.



*Carroza da
Sala Calvet
deseñada por
Gómez Naya.
El Noroeste, 9 de
agosto de 1904.*

LAS FIESTAS DE AGOSTO



Con inusitada brillantez se han inaugurado ayer las fiestas conmemorativas de la heroína coqueña María Pita, organizadas por *La Liga de Amigos*, y anunciadas en artístico y lujoso cartel, obra del distinguido pintor local Don José Gómez Naya.

El programa de estos festejos, que ya hemos publicado, es bastante espléndido para hacer aquí lo más agradable posible la estancia de los forasteros que, en número crecidísimo, nos honrarán con su visita durante el mes actual.

Todos, pues, propios y extraños regocijaremos el espíritu con los magníficos festivales patrocinados por *La Liga*, á la que es justo tributar nuestra calurosa enhorabuena.

Admira la labor realizada por esta popular colectividad y admira más todavía el ver como al esfuerzo tenaz, perseverante de un puñado de conversinos de buena voluntad, ha sabido responder la Coruña por medio de eminentes elementos integran su vida.

El programa satisfará sin duda al mas exigente. Hay en él plecto-a de fotejos y nada falta de cuanto constituye al presente nota de gran atracción.

Entre sus números más salientes figuran, según es sabido, conciertos de *La Filarmónica*, Función del Voto, corridas de toros matando los aplaudidos espadas *Bombita* y *Meckington*, Batalla de flores, Concurso hípico, Cabalgata alegórica, Concurso de bailes y cantos regionales, «Garden party» del *Sporting Club*, Exposición de horticultura, Festival infantil, Concurso de maquinaria agrícola y de ganados, *fest-bet*, iluminaciones, fuegos artificiales, regatas, veladas musicales, gran festival de la música gallega, etc. etc. El 31 finalizarán dignamente nuestros festejos con una velada literaria en honor á la insigne pensadora Concepción Arenal, organizada por la importante sociedad *Círculo de Artesanos*.

En suma: de todo tenemos y más no puede pedirse por esta vez, y es un deber enviar á *La Liga de Amigos* la enhorabuena más entusiasta. Salud para arribar en el año próximo á igual lisongero triunfo.



Cartaz das festas da Coruña de 1907 conservado no Museo das Mariñas. Autor: o pintor e profesor da escola de Artes e Oficios da Coruña, José Gómez Naya. Foto: Alfredo Erias.